

# Gañadores dos certames

## 2006 – 2007

Os premios foron entregados o sábado, 27 de xaneiro, no decurso dos actos de clausura do Belén de Begonte na súa XXXV edición.

### -XXXI Certame de poesía sobre o Nadal

Premio convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán co patrocinio da Fundación Caixa Galicia.

- Premio Begonte de poesía, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos, ao poema "El Belén de Begonte", presentado co lema "Argos", por Alfredo Macías Macías, de Huelva.

- Segundo premio, dotado con 300 euros e estatuña de Sargadelos, ao poema "El Abuelo", do que é autora Raquel Susana Canulli Ruíz, de Condes-Friol (Lugo).

### - XVII Certame Galego de Arte "José Domínguez Guizán"

Premio convocado polo centro cultural de Begonte co patrocinio da Deputación Provincial de Lugo.

- Premio José Domínguez Guizán de arte, dotado con 1.500 euros e estatuña de Sargadelos, á obra "Paisaxe urbán", de Alfredo Seixas Sainz, de Lugo.

### - XXXI Certame Xornalístico "Begonte e o Nadal"

Premio convocado polo centro cultural e patrocinado pola Xunta de Galicia.

- Premio Begonte de Xornalismo, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos, a Felix Villares Mouteira, polo traballo "Unha Estrela na Chaira: O Belén De Begonte", publicado en El Progreso-A Mariña.

- Segundo Premio, dotado con 300 euros e estatuña Sargadelos, ao conxunto de traballos titulados "Flor de Begonte", orixinais de Pepe Pol, de Montefurado - Quiroga, publicados en El Progreso, La Comarca del Eo, A Palloza, O Sil, Encomún e Revista da Ribeira Sacra.

### - XXXI Certame de Debuxo Infantil sobre o Nadal

Premio convocado polo centro cultural co patrocinio da Caixa Rural Galega. Os primeiros premios están dotados con 60 euros, os segundos con 30, e todos con cadanxeu trofeo.

#### Categoría A (ata 10 anos)

##### Primeiros premios

-ADRIÁN VIZCAÍNO  
RODRÍGUEZ. 10 anos. Colexio de Lourenzá

-ADRIÁN DASILVA  
BARROS. 8 anos. Colexio de Lourenzá

-LIDIA PAREDES  
VÁZQUEZ. 7 anos. Colexio de Begonte

#### Segundos Premios:

- CODÉS LILLO IRIMIA.9 anos.  
Colexio de Lourenzá  
- LUCIA FREIRE. 10 anos.  
Colexio de Monseivane-Vilalba  
- RODRIGO IRIMIA. 8 anos.  
Colexio de Meira  
- CARLOS HENRIQUE  
BATISTA. 9 anos. Colexio de Reinante  
- IVAN GARALVA  
RODRIGUEZ. 9 anos. Colexio de Foz

#### Categoría B (11 a 15 anos)

##### Primeiros premios

- MARÍA MASEDA  
VEIGA. 11 anos.- Colexio de

#### Begonte

- ELISABETH M.  
RAMUDO BASANTA. 11 anos.  
Colexio de Monseivane

- BEATRIZ VILLAREI  
GARCÍA. 11 anos. Colexio Mato Vizoso-Vilalba

#### Segundos premios

- NOELIA VAZQUEZ  
CASTEDO. 12 anos. Instituto Leiras Pulpeiro

LUCIA CARBALLEIRA  
GONZALEZ. 11 anos. Colexio de Monseivane

- LUIS A FERNANDEZ  
SERANTES. 14 anos. Colexio de Viveiro

- CLARA ALONSO  
JIMENEZ. 11 anos. Colexio de Lourenzá

- LAURA MURILLO  
VÁZQUEZ. 12 anos. Colexio de Viveiro

Acelerada de Someso, contaban cun belén electrónico no que el e o seu amigo Varela se inspiraron. Nunha segunda visita co carpinteiro Rafael Cereijo, a idea quedou fixada e construíuse a primeira infraestrutura do Belén.

Foron moitas as dificultades para a súa construcción, xa que as figuriñas que normalmente mercamos nas tendas non se podían adaptar aos movementos electrónicos. Todo tivo que ser feito de novo e os bonecos "madelman" serviron de modelo.

Os primeiros responsables do Belén foron José Domínguez Guizán, José Rodríguez Varela e Dionisio Varela Barro, quen se encargaba da parte eléctrica.

O Teleclub non acababa de enraizar en Begonte polo que en 1973 fixose cargo o Centro Parroquial das instalacións. Dende entón ambos son a mesma cousa,

sen poder entenderse o un sen o outro. Nese momento, o Belén contaba cun ciclo de 12 minutos de duración no que se reproducían o día e a noite, choivas, postas de sol, pastores que ían co gando, ferreiros...

### Museo do Belén

Todos os anos prodúcense cambios importantes no Belén de Begonte. Este é o aliciente principal para que cada ano miles de persoas volvan a visitar Begonte e esta reconstrucción.

Unha das instancias do centro cultural está reservada a recoller aquelas edificacións e figuriñas que son cambiadas por outras diferentes, non mellores nin más vistosas, senón diferentes.

Neste pequeno museo pódese ver o primeiro sistema electrónico que se usou para dar vida ao Belén, así como diferentes edificacións tradicionais galegas. Deste xeito podemos observar de preto o traballo que dende o Centro Cultural José Domínguez Guizán se está a facer para cada Nadal.

### Premios

Non se podería entender o Belén de Begonte sen os premios que leva unidos, promovidos desde o centro cultural.

O primeiro premio que se convocou foi de Panxoliñas no ano 1975. Os premios ascendían a 5.000, 3.000 e 2.000 pesetas. Este mesmo ano o xornal coruñés El Ideal Gallego publicou unha completa reportaxe onde se falaba desta reconstrucción relixiosa e das actividades promovidas polo centro parroquial.


En 1976 deu comezo unha nova etapa do Belén e do centro cultural. Foi este o ano da grande ampliación do Belén e convocáronse os primeiros certames literarios. Desde entón, miles de persoas levan participado nos premios de poesía, xornalismo e debuxo infantil. Uns anos máis tarde estreariase o Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán que chega ata os nosos días entregando un premio de 1.500 euros ao gañador.

Se hai un referente cultural en Begonte que destaque por riba dos outros, ese é o Centro Cultural José Domínguez Guizán. Isto débese, principalmente, á figura de Don José de Begonte, como era coñecido o seu principal impulsor e que agora lle dá nome ao centro.

Grazas a este lugar, Begonte converteuse na capital galega do Nadal desde hai 30 anos. O seu Belén electrónico é visitado por miles de persoas, ademais de ocupar un lugar privilexiado nos medios de comunicación, escritos e audiovisuais, de Galiza.

# \* Museos e Centros Culturais da Terra Chá

- Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte



Jesús Domínguez Guizán no Museo do Belén, onde se gardan pezas antigas do belén e cadros gañadores do Certame de Arte

Antes de que o Ministerio contara con instalacións propias, o Teleclub non dubidou en ceder o seu local sempre que foi necesario para impartir a segunda etapa do que antes se coñecía como E.X.B.

Do mesmo xeito, grazas ás xestións do Teleclub, conse-

guiuse a construcción dunha ampla rede de camiños no concello de Begonte.

Estaba nos plans de Don José levar a concentración parcialaria á parroquia que el xestionaba. Non obstante, por diferentes intereses particulares non se puido levar a cabo.

Tralo falecemento de Don José, foi seu irmán, Jesús Domínguez Guizán, quen colleu as rendas do centro cultural seguindo co traballo no que seu irmán investira tanta dedicación. Actualmente segue sendo Jesús Domínguez o impulsor e voceiro do Belén electrónico.

## José Domínguez Guizán

Don José de Begonte naceu en San Xoán de Alba, no concello de Vilalba, o 25 de agosto de 1925. Estudou en Mondoñedo e ordenouse sacerdote en 1949. Foi párroco de Begonte desde 1954 ata o final dos seus días, en 1986. Antes estivera nas parroquias de Labrada de Buriz, en Guitiriz; e Xestoso, na provincia da Coruña.

## O Belén electrónico

O Centro Cultural de Begonte traballa durante todo o ano para o Nadal desde que en 1972 se inaugurou o primeiro Belén electrónico.

A idea foi do párroco,

José Domínguez, pero non foi unha idea orixinal. Segundo contan os seus achegados, Don José soubo que en Coruña, o centro de Formación Profesional

*Museos e centros culturais  
da Terra Chá II*

# UNHA VIDA DEDICADA AO BÉLÉN DE BEGONTE



Vista exterior do Centro Sociocultural  
**José Domínguez Guizán de Begonte**

A finais dos anos 60 ducias de Teleclubs, dependentes do Ministerio de Información e Turismo, eran instalados polos concellos galegos. Begonte non ía ser menos e abriu o seu en 1968. En 1970 o Teleclub comeza a ser xestionado polo párroco, José Domínguez Guizán, e instalouse nas dependencias da vella escola. A escola construíraa Pedro Morandeira e, posteriormente, cedérona ao Ministerio de Educación.

A mediados dos anos 70 o párroco begontino conseguiu a ampliación do centro e tras unha inversión de tres millóns de pesetas, pasando de 125 metros cadrados a 440. Neste edificio é onde actualmente se atopa o centro cultural e as instalacións do Belén electrónico.

Desde o Teleclub, e con José Domínguez Guizán á cabeza, conseguíronse grandes cousas para Begonte. Por unha parte, despois de dous millóns de pesetas de inversión, conseguíronse 16.000 metros cadrados nas proximidades da igrexa parroquial, dos que 8.000 foron cedidos ao Ministerio de Educación para que instalara o colexio público.